CONSOLIDAR O CONSEGUIDO
SEGUIR AVANZANDO


Entre 2023 e 2026, UGT-SP Ensino conseguiu menos ratios, máis inclusión, máis profesorado, máis recursos e máis estabilidade.

Agora seguimos traballando por máis recoñecemento profesional, estabilidade, saúde laboral, innovación, igualdade de oportunidades e unha escola pública forte.

Nestas eleccións, elixe proximidade, compromiso e solucións.

Grazas polo teu apoio

PRETO DE TI



UGT Servizos Públicos Galicia

UGT-SP ENSINO CUMPRE. SEMPRE


PRETO DE TI



elixe a túa delegada e delegado!!

Eleccións Sindicais 2026 | Ensino Público Galego

UGT Servizos Públicos Galicia



UGT-SP ENSINO CUMPRE. SEMPRE PRETO DE TI

+50	+200	+800	+1200
orientadores/as	PT	aulas protexidas	postos docentes protexidos

Baixada de ratios · Máis inclusión · Catálogos PT e AL actualizados · App de chamamentos · Máis estabilidade

8 PROPOSTAS PARA SEGUIR AVANZANDO

1 CONDICIÓNS DE TRABALLO E TEMPO DOCENTE

O tempo é un recurso pedagóxico. UGT-SP Ensino defenderá condicións que permitan ensinar mellor.

- Xornada 4+1 en todas as etapas: un día para formación, innovación e coordinación.
- Xornada lectiva de 18 horas en Infantil e Primaria.
- Xornada lectiva de 15 horas en Secundaria e Bacharelato.
- Redución da burocracia en todos os niveis educativos.
- Dixitalización que axude, non que complique.
- Intelixencia artificial ética, ao servizo da docencia e nunca substitutiva do criterio profesional.

2 RECURSOS, RATIOS E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A equidade só é real con recursos suficientes.

- Persoal suficiente en todos os centros.
- Ratios adecuadas en todas as etapas.
- Atención personalizada, inclusiva e de calidade.
- Reforzo de equipos multidisciplinares:
  - Orientación, cunha ratio de un orientador por cada 250 alumnos/as
  - Pedagoxía Terapéutica (PT)
  - Audición e Linguaxe (AL)
  - Persoal administrativo
  - Perfís especializados
- Dotación de medios para atender o aumento de alumnado con NEAE.
- Revisión das asesorías de formación e da inspección educativa para acompañar, innovar e compartir boas prácticas.

3 SAÚDE LABORAL, SAÚDE MENTAL E BENESTAR DOCENTE

Coidar de quen educa é coidar da educación pública.

- Medidas fronte á sobrecarga burocrática.
- Prevención do desgaste físico e emocional.
- Protocolos de protección da saúde laboral e mental.
- Apoio específico ao profesorado interino, rural e de alta complexidade educativa.

4 INFRAESTRUTURAS, TECNOLOXÍA E INNOVACIÓN

A modernización é imprescindible para unha escola pública forte.

- Talleres modernos e equipamentos actualizados na FP.
- Tecnoloxía útil que facilite a docencia sen aumentar carga administrativa.
- IA ética e supervisada polo criterio docente.
- Medios actualizados nas EOI, centros de adultos e ensinanzas artísticas.

5 IDENTIDADE, CULTURA E APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA

A educación é cultura, identidade e futuro.

- Recoñecemento do valor cultural, social e económico das ensinanzas artísticas.
- Protección da identidade cultural a través da educación.
- Impulso da aprendizaxe ao longo da vida na educación de persoas adultas.
- Garantir oportunidades educativas reais para todas as persoas, vivan onde vivan.

6 RECOÑECEMENTO PROFESIONAL E ESTATUTO DOCENTE

UGT-SP Ensino defenderá un marco profesional que dignifique a docencia e recoñeza o valor do traballo educativo.

- Estatuto Docente que recoñeza a profesión e impulse unha carreira profesional real.
- Integración de todos os corpos docentes no subgrupo A1.
- Estrutura retributiva xusta, vinculada á responsabilidade e á experiencia.
- Recoñecemento efectivo da experiencia e dos méritos en todos os procesos.
- Prestixio social da profesión docente como eixo do sistema educativo.

7 MODELO EDUCATIVO PÚBLICO

Defenderemos un sistema educativo público forte, inclusivo e accesible.

- Recuperación dos recortes e incremento do investimento.
- Desenvolvemento adecuado da LOMLOE.
- Escola pública como eixo do sistema educativo.
- De calidade, inclusiva, innovadora e accesible.
- Reforzo da orientación educativa en todas as etapas.
- Titorías recoñecidas como parte do horario lectivo.
- Impulso da educación artística desde Infantil, Primaria e Secundaria.
- FP pública conectada co tecido produtivo e orientada ao emprego de calidade.
- Rede pública de EOI forte e accesible.
- Educación de persoas adultas flexible, presencial, semipresencial e a distancia.
- Atención específica aos centros rurais agrupados.

8 ACCESO, PROMOCIÓN E ESTABILIDADE LABORAL

Un sistema profesional baseado no mérito, na experiencia e na estabilidade.

- Procesos selectivos que valoren xustamente a experiencia docente.
- Sistema de ingreso e promoción que permita acceder a outras especialidades por concurso de méritos.
- Convocatoria de todas as prazas estruturais nas OEP.
- Taxa de interinidade por baixo do 8%.
- Planificación estatal das ofertas de emprego, coordinada entre Ministerio e CCAA.
- Igualdade de garantías laborais, profesionais e retributivas para o profesorado interino.